

Memoria libre do proxecto AC2021E-02

Manexo sustentable no viñado e calidade dos viños na DOP Ribeiro



Presentada por:

Pilar Blanco Camba
Flora Alonso Vega
Isaac Rodríguez Pereiro
Mar Vilanova de la Torre

Leiro, 31 de outubro de 2023

RESUMEN

O sector do viño en Galicia xoga un papel relevante tanto a nivel económico como social, xa que contribúe ao desenvolvemento do medio rural. Na Denominación de Orixe Protexida (DOP) do Ribeiro o viñedo supón unhas 2.500 ha na parte noroccidental da provincia de Ourense, repartidas nos vales formados polos ríos Miño, Avia e Arnoia. As características climatolóxicas condicionadas pola súa proximidade ao océano Atlántico, así como as peculiaridades orográficas e edafolóxicas desta zona conforman un *terroir* único e confírenlle a esta zona unha aptitude excelente para o cultivo da vide.

Na actualidade os viticultores tenden a empregar prácticas cada vez máis sustentables no viñedo, diminuindo o uso de produtos químicos de orixe sintética para reducir o seu impacto sobre o medio ambiente. Sen embargo, as condicións climáticas en Galicia favorecen a proliferación dos patóxenos da vide, polo tanto dificultan a implementación das técnicas ecolóxicas na viña. Aínda así, algúns produtores desta DO teñen apostado por este tipo de produción que restrinxe os usos de pesticidas e fertilizantes sintéticos en pro doutras alternativas naturais para o control de pragas. Desta forma, non só se reduce o impacto sobre o medio ambiente (solos, augas superficiais e freáticas, etc), senón que se contribúe a preservar a biodiversidade e camiñar cara a obtención de produtos máis saudables para o consumidor.

Dada a importancia do viño na DOP Ribeiro e a inquietude no sector respecto ó emprego de prácticas máis sustentables no viñedo, o obxectivo deste proxecto foi avaliar o impacto de distintas formas de manexo no viñedo sobre a calidade da uva e dos viños. Estudouse o efecto de distintos tipos de produción (ecolóxico, transición e convencional) sobre a fertilidade, presenza de residuos e diversidade microbiana no solo. Ademais, levouse a cabo a avaliación da calidade química, microbiolóxica e sanitaria dos viños nesta DOP.

ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

Na actualidade existe unha tendencia global cara o uso de prácticas agrícolas máis sustentables e respectuosas co medio natural. O viñedo non é alleo a esta tendencia e, de feito, España é o país con maior superficie de viñedo ecolóxico e o primeiro produtor de viños ecolóxicos do mundo (Boletín SeVi Extraordinario 16-11-20; Willer y Lernoud, 2020).

A vitivinicultura ecolóxica esixe que se respecten certas prácticas na viña e na adega, segundo o disposto na normativa europea (CE nº 834/2007, nº 889/2008, nº 203/2012, 2016/673). Na viña o uso de pesticidas e fertilizantes sintéticos están prohibidos. O 22 de maio de 2018, o Consello da Unión Europea aprobou o novo Regulamento (UE) 2018/848 relativo á produción ecolóxica e etiquetado dos produtos ecolóxicos que derroga o nº 834/2007 (vixente na actualidade), que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2021. As novas normativas abordan a necesidade do sector para manter unha produción ecolóxica verdadeiramente sostible. É dicir, que non só consista en substituír insumos convencionais por outros ecolóxicos, senón tamén considerando o solo como un organismo vivo, contribuíndo así á conservación da súa biodiversidade.

El control y la reducción de los residuos de pesticidas empleados en agricultura representa un reto desde el punto de vista agronómico, medioambiental y toxicológico, incluyendo la protección de los consumidores. La exposición humana a pesticidas a través del consumo de productos de origen vegetal viene controlada por el establecimiento de niveles máximos permitidos de residuos (MRLs) en este tipo de alimentos. Adicionalmente la Unión Europea, a través de la agencia de seguridad alimentaria (EFSA) realiza una revisión continua relativa a principios activos, y formulaciones comerciales, autorizados para su uso agrícola. Esta revisión implica entradas y salidas continuas de nuevos pesticidas y/o formulaciones en las listas de autorizaciones y prohibiciones.

La preocupación por la acumulación de residuos de estos compuestos en campos de cultivo ha llevado al establecimiento de campañas de muestreo y análisis de suelos agrícolas realizadas con carácter supranacional (ej. Land Use and Coverage Area, LUCAS, survey; [Overview - Land cover/use statistics - Eurostat \(europa.eu\)](#)), que evalúan diferentes parámetros relacionados con la fertilidad, biodiversidad y la presencia de residuos de fitosanitarios y otros elementos tóxicos en suelos agrícolas. En línea con estas regulaciones y estudios, la EU, dentro del denominado pacto verde, establece la necesidad de alcanzar una reducción del 50% en el uso de pesticidas agrícolas en el año 2020. Otras normativas más específicas afectan a determinados productos como es el caso de las sales de cobre. A pesar de considerarse como fungicidas autorizados, incluso en agricultura ecológica, debido a sus potenciales efectos medioambientales, se han fijados los límites máximos de aplicación de 28 Kg ha⁻¹ para un periodo de 7 años. Esto es, se restringe su aplicación a niveles máximos promedio de 4 Kg ha⁻¹ año⁻¹.

Las políticas comunitarias tienen un impacto directo sobre las normativas de los estados miembros, y sus comunidades autónomas, que ejercen un control creciente sobre la comercialización, y aplicación de productos fitosanitarios. Entre las acciones de control más recientes, figura la inmediata

implantación (prevista para inicio de 2024) del cuaderno de explotación digital, a través del cual la administración tiene acceso directo a las aplicaciones de fitosanitarios realizadas por agricultores.

El viñedo es uno de los cultivos que emplea la mayor cantidad de fitosanitarios por unidad de superficie. Aunque las sales de cobre y el azufre (considerados como compuestos de baja toxicidad) representan la principal contribución a este *ranking*, el uso de fungicidas de síntesis, seguidos en menor medida por insecticidas y herbicidas es también significativo. La actual legislación establece MRLs para cada uno de estos compuestos en uva de mesa y vinificación; sin embargo, el vino como producto elaborado, no se ve afectado directamente por estos valores máximos de residuos. A pesar de lo que podríamos denominar vacío legal, existen dos criterios que suelen tomarse a la hora de limitar los niveles de residuos en vinos. Uno de ellos, de carácter genérico, establece que los niveles de residuos en vino para un determinado fitosanitario no deben superar el 10% de su MRL en uva de vinificación. El segundo criterio toma como referencia los MRLs en uva y los factores de transferencia (en inglés *processing factors*, PFs; [Database of processing techniques and processing factors compatible with the EFSA food classification and description system FoodEx 2 Objective 3: European database of processing factors for pesticides in food | EFSA \(europa.eu\)](#)) medios de cada compuesto en el proceso de vinificación. Así pues, si un fungicida tiene un PF del 50% su nivel máximo permitido en vino es el 50% del MRL fijado en uva. La dificultad para calcular los PFs, y la falta de normativa hace que los criterios anteriores carezcan de valor legal, y por tanto sean considerados como recomendaciones. Por tanto, la única traba a la comercialización de un vino podría darse en exportaciones a terceros países, en el caso de que contenga residuos de algún fitosanitario no autorizado en el país que realiza la importación.

Además de las consideraciones sanitarias, el empleo de fitosanitarios en viticultura es susceptible de tener un impacto directo sobre el suelo y el medio acuático. La persistencia o introducción continua de ciertos compuestos en los viñedos podría provocar alteraciones en la metagenómica del suelo, afectando a su fertilidad. La localización habitual de los viñedos en los alrededores de masas de agua (riberas), podría provocar la contaminación de aguas subterráneas y/o superficiales debido a migración y/o arrastre por escorrentías en periodos de lluvias intensas.

Na DOP Ribeiro a superficie de viñedo abarca unhas 2.500 ha das que 1374 ha están inscritas no Consello Regulador, incluíndo 1650 viticultores e 109 adegas e colleiteiros no 2019 (CR Ribeiro, 2019). Nesta DOP elabórase fundamentalmente viño branco (90%) sendo Treixadura a variedade de uva maioritaria; aínda que tamén se elaboran viños tintos (9%) e o tostado, un viño doce tradicional (1%). A nivel climático a DOP Ribeiro situase nunha zona de transición de carácter mediterráneo suavizado pola influencia do océano Atlántico situado a uns 45 km, aínda que a orografía marcada pola cadeas montañosas polo norte e oeste teñen un efecto protector no relativo ás precipitacións. O clima caracterízase por unha pluviometría media de 950 mm anuais, unha temperatura media de 14,5 °C, e unha importante diferenza térmica entre o día e a noite que da lugar a unha maduración lenta da uva.

La DOP Ribeiro presenta un nivel intermedio de presión de enfermedades de tipo fúngico entre las DO más occidentales y orientales del Noroeste de España. Así, con carácter general, la presión ejercida por el mildium es menor que la existente en las zonas de costa; sin embargo, los elevados

contrastes térmicos entre las horas centrales del día y la madrugada la hacen muy susceptible a problemas provocados por el oídio. El estrés hídrico existente en los meses centrales del estío (los valles del Avia, Miño y Arnoia alcanzan temperaturas entre 35 °C y 40 °C con relativa frecuencia durante el estío) hace que el control de vegetación sea un aspecto importante en el manejo del viñedo. En las explotaciones más antiguas, la mecanización es compleja debido al ancho limitado de las calles, por lo que el uso de herbicidas no es ajeno a la zona. Desde un punto de vista ambiental, la posible migración de una fracción de los fitosanitarios a aguas superficiales podría tener un impacto supranacional, afectando de forma directa, o indirecta, a la cuenca media y baja del Miño.

Os solos do Ribeiro son de tres tipos: a maioría proceden de materiais graníticos con texturas franco-areosas; pero tamén os hai derivados de materiais metamórficos coma xistos ou formados a partir de material sedimentario con texturas francas. Normalmente se trata de solos ácidos, pobres en materia orgánica e cun baixo contido en calcio (Fernández-Calviño et al., 2009). Todos estes factores, asociados á microbiota do solo e da uva, constitúen un *terroir* único que xoga un papel relevante sobre a calidade dos viños do Ribeiro.

O *terroir* defínese como un ecosistema interactivo que engloba clima, solo, microorganismos asociados ao viñedo, variedades de vide, así como as prácticas agronómicas e enolóxicas (Belda et al., 2017). Destes compoñentes do *terroir* o papel dos microorganismos do viñedo era quizais o menos estudado ata fai ben pouco. As novas técnicas de secuenciación masiva demostran que os microorganismos asociados ao viñedo determinan a produtividade e resistencia a enfermidades da planta, a evolución das fermentacións e a calidade do viño (Bokulich et al., 2016). Tamén se estudou a influencia do pH e dos niveis de Cu na estrutura das comunidades microbianas de solos de viñedo (Fernández-Calviño et al., 2010a, 2010b, 2012).

Tendo en conta estes antecedentes, con este proxecto que reúne a experiencia de distintos grupos de investigación e a participación directa de produtores e adegas, estúdiouse polo miúdo as consecuencias da produción sustentable no viñedo avaliando a súa influencia sobre a fertilidade do solo, a presenza de residuos e o microbioma asociado en diferentes viñedos da DOP Ribeiro.

Ademais, levouse a cabo unha avaliación da calidade química, microbiolóxica e sanitaria dos viños nesta DOP.

OBXECTIVOS

O obxectivo global deste proxecto foi avaliar as prácticas de **producción sustentable** no viñedo e na adega e a súa influencia sobre a **calidade dos viños**. Para iso propuxéronse os seguintes obxectivos específicos:

- 1) Ver a influencia das prácticas aplicadas no viñedo (cultivo ecolóxico, biodinámico, produción integrada e/ou convencional) nas características fisicoquímicas do solo, presenza de residuos, e microbioma asociado.
- 2) Avaliar o impacto das prácticas aplicadas no viñedo sobre o rendemento e calidade da uva, as características do mosto e a presenza de microorganismos beneficiosos para a fermentación.
- 3) Caracterizar, a nivel químico e sensorial, viños da DOP Ribeiro obtidos mediante diferentes prácticas de manexo.
- 4) Coñecer a calidade microbiolóxica dos viños: presenza/ausencia de microorganismos alterantes e a súa relación co perfil químico e/ou sensorial.
- 5) Controlar a calidade sanitaria dos viños obtidos: residuos e aminos bióxenos.
- 6) Ofrecer ao sector datos obxectivos sobre o impacto da produción sustentable na viña e no viño.
- 7) Valorizar os viños galegos, en particular os da DOP Ribeiro, e difundir os resultados do proxecto.

A continuación preséntase a metodoloxía e os resultados obtidos para cada obxectivo

Os Anexos de datos están dispoñibles na Agacal-Evega para a súa consulta.

METODOLOXÍA

Selección de fincas e condicións da toma de mostras de solo

Para a selección de viñedos contactouse cos distintos colaboradores do proxecto e outros viticultores do Ribeiro co obxectivo de reunir un número similar de viñedos con distintos manexos. Finalmente, despois dunha mostraxe preliminar en novembro do 2021, nas seguintes campañas recolléronse mostras de solo para análise en 15 fincas: 5 de manexo ecolóxico, 4 en transición e 6 en manexo convencional (Referencia das mostras S1 a S15)

A localización das fincas pode verse na Figura 1.




Figura 1. Localización das fincas onde se colleron as mostras de solo

A recollida de mostras levouse a cabo durante o mes de xullo do ano 2022 (Foto 1) e no mes de febreiro de 2023 (Foto 2). En cada parcela traballouse con mostras compostas, incluíndo 10 incrementos por mostra, respectando os mesmos puntos de mostraxe en ambas campañas. Colleuse unha mostra da capa superficial: 0-5 cm e outra de 5-20 cm. (segundo a liña de cepas e a aproximadamente 20-30 cm da planta). Tras a eliminación de material superficial (herbas, follas,...) recolleuse mostra da profundidade do solo correspondente a 0-5cm e da correspondente a 5-20cm. Unha vez recollidas todas as mostras de cada finca, as correspondentes á mesma profundidade mesturáronse e homoxeneizáronse. Unha parte foi inmediatamente transferida a unha neveira para análise de microbioma (Evega) e a mostra restante foi trasladada parte ás instalacións da Universidade de Vigo

A metodoloxía de cada tipo de análise especifícase en cada apartado de resultados



Foto 1. Toma de mostras de solo en Xullo 2022



Foto 2. Toma de mostras de solo en Febreiro 2023

RESULTADOS

Análise fisicoquímica dos solos

Unha vez nos laboratorios da UVigo, as mostras foron secadas ó aire e posteriormente peneiradas para separar a fracción inferior a 2mm. Unha parte da mostra peneirada enviouse ó equipo da USC para as determinacións de residuos correspondentes a este grupo de traballo. Parte da mostra foi triturada e moída para unha maior homoxeneización da mesma, procedemento que é necesario para certas determinacións fisicoquímicas dos solos.

No referente á caracterización físico-química realizáronse as seguintes determinacións:

- pH en auga e en cloruro potásico
- Contido total de carbono e nitróxeno e cálculo da correspondente relación C/N
- Concentración de fósforo Bray
- Capacidade de intercambio catiónico efectiva tras a determinación dos niveis dos catións intercambiáveis maioritarios mediante diferentes procedementos para os básicos: calcio, magnesio, potasio e soido, e os acídicos, aluminio.
- Suma de bases, o grao de saturación en bases e a relación Ca/Mg
- Concentracións totais de micronutrientes que son considerados elementos maioritarios nos solos (Fe e Mn) e de micronutrientes comunmente atopados en niveis traza nos solos (Cu e Zn).
- Micronutrientes dispoñibles tras ser extraídos co procedemento EDTA. No caso dos micronutrientes Cu e Zn realizouse un fraccionamento do contido total para avaliar o reparto de dita concentración nas diferentes fraccións do solo mediante diferentes extraccións realizadas con disolucións de acetato amónico, pirofosfato sódico, oxalato amónico e ácido oxálico e este mesmo ácido e oxalato ascórbico amónico.
- Distribución de Fe e Al tras a súa extracción con hidróxido sódico e sodio ditionito, oxalato amónico e ácido oxálico, e pirofosfato sódico.

Os datos xerados tras os diferentes procedementos empregados foron revisados e tratados mediante diferentes ferramentas estatísticas: estatística descritiva e análises paramétricos e non paramétricos de comparación de medias: realizáronse probas ANOVA, t student, Kruskal-Wallis e Mann-Whitney para comparar os resultados obtidos entre diferentes épocas de mostraxe, entre as dúas profundidades analizadas e entre os diferentes manexos ós que se somete cada mostra.

Ademais das mostraxes, o equipo de traballo reuniuse en varias ocasións para compartir resultados e comparar datos. Traballouse conxuntamente nunha publicación e en diferentes comunicacións presentadas en varios congresos e xornadas co obxectivo de dar difusión os resultados obtidos.

No Anexo I poden consultarse os resultados da caracterización físico-química dos solos

Tras as dúas campañas de mostraxe (xullo 2022 e febreiro 2023), as mostras representativas dos diferentes viñedos recollidas a diferentes profundidades (0-5 cm e 5-20cm) foron acondicionadas para posteriores análises de acordo coas necesidades de cada procedemento.

Os resultados mais destacables no referido ás propiedades fisicoquímicas do solos amósanse a continuación.

En relación co pH, tanto o medido en auga como en KCl (Figura 2) das mostras, non se atoparon diferencias significativas entre as procedentes das dúas profundidades analizadas, pero en cada unha delas, si se obtiveron diferencias entre os diferentes manexos analizados, e os maiores valores corresponden ós solos procedentes de fincas baixo manexo en ecolóxico. Ademais obtívose un incremento nos valores medios que vai dende as mostras procedentes de solos baixo manexo en convencional, pasando polas de transición ata finalmente chegar a ese máximo indicado para os solos procedentes de fincas en ecolóxico. En todos os casos os valores medios están dentro do rango óptimo para o desenvolvemento da vide, pero son nos ecolóxicos nos que se atopan os valores mais satisfactorios. Só no caso de fincas baixo manexo convencional se atoparon valores de pH en cloruro potásico por debaixo do valor de 4,8, crítico de acidez e indicativo de necesidade de encalar.




Figura 2. pH en auga (pHw) e en cloruro potásico (pHk) segundo profundidade e manexo dos solos avaliados

A materia orgánica dos solos, avaliada a través dos contidos totais de C e N dos solos (Figura 3) é unha fonte importantísima de nutrientes. Neste caso, si se atoparon diferencias significativas entre os valores determinados en mostras superficiais fronte ás subsuperficiais, propio e indicativo da procedencia da mesma.

Os valores de concentración de C e N son moi variables, especialmente os respectivos ás mostras de solos traballados en transición, e tamén, aínda que en menor medida, os de convencional. A menor variabilidade entre mostras atopouse nos solos baixo manexo ecolóxico, probablemente debido a unha maior homoxeneidade entre os tratamentos aplicados en cada finca e tamén ó menor tamaño, en xeral, das mesmas.

En calquera dos casos, os contidos medios de materia orgánica e de N son indicativos dunha moderada concentración e están no rango óptimo para a viticultura.




Figura 3. Contidos totais de C e N segundo a profundidade e o manexo dos solos avaliados

Tras a determinación dos catións do complexo de intercambio dos solos avaliados, observouse que os valores medios de Na intercambiable (Na_{ex}) non difiren nin entre as profundidades nin entre os tipos de manexo avaliados (Figura 4) e son sempre os menores dos catións básicos avaliados. Os de K_{ex} , Ca_{ex} e Mg_{ex} , seguen sempre a orde de concentración $Ca > Mg > K$ en calquera dos manexos e profundidades estudados e as concentracións na capa superficial (0-5cm) son maiores ca das subsuperficiais (5-20cm).

Comparando os resultados obtidos en función do tipo de manexo empregado no viñado, detectouse unha maior concentración de Ca_{ex} e Mg_{ex} así como da suma das bases do complexo de intercambio nas capas máis superficiais dos solos baixo manexo en ecolóxico que nas correspondentes do manexo convencional; ó mesmo tempo que os valores obtidos en manexo en transición presentan, en xeral, unha maior variabilidade. Do mesmo xeito, a capa subsuperficial, a que corresponde a 5-20cm de profundidade, dos solos baixo manexo en ecolóxico, presenta as maiores concentracións de K_{ex} e Mg_{ex} .

En todos os casos a saturación de bases do complexo de intercambio catiónico é superior ó 80% e os valores medios de concentración de Ca, Mg e K están por encima do límite crítico establecido para cada un deles.




Figura 4. Contidos de Na, K, Ca e Mg intercambiáveis segundo a profundidade e o manexo dos solos avaliados.

Determináronse os contidos totais de diferentes micronutrientes (Fe, Mn, Cu e Zn) así como os niveles extraídos con EDTA, operacionalmente atribuíbles ós contidos dispoñibles (Figura 5 e 6).

O ferro e o manganeso son elementos maioritarios nos solos aínda que as plantas os precisen en baixas concentracións para o seu correcto desenvolvemento metabólico. As concentracións totais de ferro (Fe_T) non amosaron diferenzas nin entre os manexos nin as profundidades avaliadas, e as concentracións medias son moi similares en calquera dos casos, polo que a orixe do mesmo nos solos avaliados atribúese maioritariamente á meteorización do material de partida.

Con respecto ós contidos totais de Mn (Mn_T), este non amosou diferenzas significativas entre tratamentos na capa máis superficial, aínda que os contidos medios son sensiblemente maiores nesta profundidade dos solos baixo sistema de manexo en ecolóxico. Esta maior concentración é tamén notable e, neste caso estatisticamente significativa, na capa subsuperficial destes mesmos solos, feitos que suxiren que ademais da procedencia do material de partida, pode haber aportes deste micronutriente durante o manexo en ecolóxico, aínda que hai que destacar que os valores que se alcanzan están moi por debaixo daqueles indicados como límite para o desenvolvemento de toxicidade.




Figura 5. Contidos totais (T) e dispoñibles (ed) de Fe e Mn segundo a profundidade e o manexo dos solos avaliados

As tendencias observadas unha vez se determinaron as concentracións dispoñibles destes dous micronutrientes (Fe e Mn) son moi similares ás que xa se indicaron respecto dos contidos totais. Os valores medios son similares entre as diferentes profundidades e os sistemas de manexo, mentres que os de Mn_{ed} son maiores na profundidade 0-5cm que na 5-20cm. Tamén son maiores nos solos baixo sistema de manexo en ecolóxico que nos de convencional. Os que se atopan en transición cara un manexo en ecolóxico presentan valores intermedios que suxiren ese proceso de cambio.

Os outros dous micronutrientes avaliados, o cobre e o cinc, son elementos considerados como elementos traza nos solos por atoparse en baixas concentracións. As concentracións de Cu_T, sen embargo, son elevadas respecto dos niveis de fondo que cabería esperar en solos naturais da zona, aínda que non se estableceron diferencias entre os valores atopados nas diferentes profundidades avaliadas e os atopados entre os diferentes tipos de manexo do cultivo. A frecuente aplicación dende hai décadas de fungicidas de base cúprica nos viñedos explica os normalmente altos contidos de Cu atopados en solos de viñado de moitas partes do mundo, incluídos os da DO O Ribeiro.

Con respecto ós contidos totais de Zn, están próximos ó correspondente valor de fondo e en varias das mostras analizadas, especialmente as correspondentes a capas superficiais de viñedos en transición e en menor medida nas de ecolóxico, superáronse estes niveis de fondo. De feito, na capa subsuperficial non ese estableceron diferencias entre tratamentos, pero si na superficial (0-5cm), onde os contidos medios de Zn_T en solos en ecolóxico son superiores ós establecidos no manexo convencional.

Para profundar nas posibles implicacións deste incremento de concentracións totais respecto dos niveis de fondo, determináronse tamén os contidos dispoñibles destes dous micronutrientes.

As concentracións de Cu dispoñible son similares entre os diferentes tratamentos pero significativamente maiores na capa máis superficial que na subsuperficial dos solos avaliados e, en moitos casos, as concentracións dispoñibles superan os niveis indicativos de toxicidade, polo que o control de determinadas prácticas, especialmente para a implantación de novas plantas, debería facerse con coidado por posibles efectos fitotóxicos do Cu.

Os niveis de Zn dispoñibles (Zn_{ed}) son moi inferiores ós que están indicados como críticos para ocasionar problemas de fitotoxicidade, en calquera das dúas profundidades avaliadas e en calquera dos manexos estudados. Os valores medios son maiores na capa superficial que na subsuperficial e, aínda que non hai diferenzas significativas entre os manexos avaliados, a concentración media é sempre maior nos solos procedentes de fincas manexadas en ecolóxico, polo que hai maior dispoñibilidade nestes solos do Zn, cuxo orixe pode estar nalgún tratamento que se estea a empregar baixo este manexo, tal e como se describiu para o Mn.




Figura 6. Contidos totais (T) e dispoñibles (ed) de Cu e Zn segundo a profundidade e o manexo dos solos avaliados.

Tendo en conta as relativamente altas concentracións de Cu e Zn determinadas nas diferentes mostras dos solos analizados, realizouse tamén un fraccionamento dese contido total mediante diferentes extraccións co obxecto de entender a distribución deste contido entre diferentes compoñentes ou fraccións do solo, indicativos segundo diferentes fontes bibliográficas do grao de atrapamento ou labilidade do metal obxecto de estudo.

Observouse, tal e como se amosa na Figura 7 que as fraccións dominantes para o Zn son ás que o manteñen vinculado a óxidos cristalinos de Fe e Al, en menor medida á materia orgánica e, principalmente, en máis dun 60% en todos os casos, á fracción residual. Esta fracción residual está considerada como a máis inerte no solo, polo que as relativamente altas concentracións de

Zn dos solos se atopan maioritariamente vinculadas ou atrapadas en fraccións principalmente inertes.




Figura 7. Distribución do contido total de Cu e Zn entre as diferentes fraccións dos solos baixo diferente manexo

Sen embargo, no caso do Cu, os resultados indican que esta fracción residual mais inerte non é a maioritaria (<40%) e que é a fracción mais vencellada á materia orgánica, a que presenta a maior proporción do xa moi alto contido de Cu total (>40%). Isto supón unha importante proporción de Cu relativamente lábil, que podería ser liberada moito mais facilmente que no caso do que está vencellado á residual, podendo ocasionar problemas de toxicidade por este elemento. Tendo en conta que o contido de materia orgánica é con frecuencia maior nas capas mais superficiais do solo e é a esta a onde está enlazado a maior parte do Cu, débese ter coidado con aquelas plantas que presenten un desenrolo das súas raíces nestas capas mais someras, especialmente plantas novas durante a súa temperá implantación por ser o lugar onde desenrolarán maioritariamente as súas raíces. Igualmente, incrementos na taxa de mineralización da materia orgánica dos solos poderían implicar un desprazamento dos contidos de Cu cara a disolución do solo que poderían alcanzar capas mais profundas do mesmo así como o acuífero ou outros ecosistemas mais sensibles.

Análise de residuos nos solos do Ribeiro

Los muestreos se realizaron en dos campañas diferentes, la primera a finales de Julio de 2022 y la segunda a mediados de febrero de 2023. De esta forma se ha pretendido evaluar los niveles máximos de residuos en suelo al final de la campaña del año 2022, y su disipación durante el otoño y el invierno antes del inicio de la siguiente campaña. Destacar que entre ambas campañas, el nivel promedio de precipitaciones registrado por diversas estaciones meteorológicas de la zona se situaron entre 600 y 700 mm por m², lo que resulta superior a la media de otras anualidades. La superficie de las parcelas investigadas ha variado desde unos 300 m² a más de 10000 m², en función del tipo de manejo y de la organización del suelo en diferentes zonas de la DOP Ribeiro. En cada parcela se ha trabajado con muestras compuestas, incluyendo 10 incrementos por muestra, respetando los mismos puntos de muestreo en ambas campañas. El personal de la Universidade de Santiago (USC), responsable de las determinaciones de residuos de fitosanitarios, ha participado directamente en todas las campañas de muestreo en colaboración con la coordinadora del proyecto (Dra. P. Blanco) e investigadores de la Universidad de Vigo (UVIGO).

Las muestras de suelos se han tamizado y liofilizado previamente a su análisis mediante LC-MS/MS (Pérez-Mayán et al., 2020). Los datos de concentración se expresan con ng/g, referidos a peso seco de suelo para la fracción con tamaño de partícula inferior a 2 mm. Adicionalmente a la determinación de las concentraciones totales, en el caso de fungicidas con centros quirales (ej. myclobutanil, metalaxyl, etc) se ha procedido a determinar sus relaciones enantioméricas (EFs), usando columnas quirales de LC (tipo polisacáridos) en combinación con espectrometría de masas en tandem (MS/MS). El estudio de las relaciones enantioméricas se ha limitado a aquellas muestras en las que las concentraciones totales de compuestos quirales se mantuvieron por encima de 10 ng/mL (vinos) o 10 ng/g (suelos). Los valores de EF son de utilidad para identificar procesos de degradación (suelos) o transferencia (vinos) diferentes entre los enantiómeros de compuestos comercializados como racémicos (la mayoría de fungicidas quirales), y/o para evaluar el grado de utilización de aquellos comercializados tanto como racémicos (ej. Metalaxyl y Benalaxyl) como en formulaciones que contienen solamente el enantiómero con acción fungicida (Metalaxyl-M y Benalaxyl-M). En el **Anexo II**-se muestra el listado de los residuos determinados en vinos y en suelos.

Del conjunto de pesticidas investigados en las muestras de suelos, tomadas de 15 parcelas diferentes, se identificaron un total de 22 fungicidas, 2 productos de transformación de fungicidas y 2 insecticidas a niveles superiores a los LOQs del procedimiento analítico (Anexo II-Tabla 2). Como cabría esperar, los valores máximos de residuos correspondieron a la capa superior de suelo (0-5 cm), en el muestreo de verano. Las Figuras 8 y 9 muestran los valores totales de residuos en esta capa superior de los viñedos en los muestreos de verano (Julio 2022) e invierno (Febrero 2023), agrupados según manejo del suelo. En ambos casos, se refleja también el número de compuestos cuantificados a valores superiores a 10 ng/g (el umbral de concentración

que fijan la mayoría de los laboratorios de control). Las diferencias entre las parcelas de manejo orgánico (ecológico) frente al resto es evidente. Los niveles bajos de residuos detectados en el primer grupo de parcelas (fundamentalmente en el muestreo de verano) podrían deberse a derivas durante la fumigación de explotaciones próximas y/o al histórico de cada parcela. Esta última información no está disponible para la elaboración del informe. Por otro lado, en lo relativo al contenido de residuos, la discriminación entre viñedos en transición y de manejo convencional, no resulta tan evidente.




Figura 8. Residuos totales de pesticidas (ng/g) en suelos de viñedo y número de compuestos a concentraciones superiores a 10 ng/g. Muestreo de verano.




Figura 9. Residuos totales de pesticidas (ng/g) en suelos de viñedo y número de compuestos a concentraciones superiores a 10 ng/g. Muestreo de invierno.

En las Figuras 10 y 11 se recogen datos correspondientes a compuestos individuales, referidos a la capa superior del suelo agrícola, correspondientes a las explotaciones con manejo convencional y en transición. En primer lugar, se muestran los datos de frecuencia de detección en ambas campañas y a continuación las medianas de su concentración. La interpretación de estos datos no resulta obvia dado que no se ha tenido acceso a los tratamientos realizados en el 2022, ni los anteriores, en las parcelas convencionales y en transición. Sin embargo, algunas conclusiones son obvias.




Figura 10. Porcentaje de detección en suelos de viñedos convencionales y en transición.




Figura 11. Medianas de concentración (ng/g) para compuestos seleccionados.

En primer lugar, a diferencia de lo que ocurre con los vinos, el metalaxyl no es un residuo persistente en los suelos. Tanto su frecuencia de detección como los valores de concentración caen significativamente entre muestreos (Figura 12 y 13). Para los dos fungicidas azólicos

(myclobutanil y tebuconazole), dimetomorph y boscalid, la reducción de número de muestras positivas y medianas de concentración no es tan evidente. En concreto, en el caso de dimetomorph, la mediana permanece inalterada y para boscalid el dato de la mediana es muy próximo al límite de cuantificación de método. En el caso concreto de myclobutanil (no autorizado desde mayo de 2021), los niveles (mediana de concentraciones) en suelo siguen siendo elevados tanto en las campañas de 2022 como en la de invierno de 2023. La recomendación es seguir muestreando las parcelas positivas para este fungicida al objeto de poder evaluar su disipación en campo. Finalmente, para el producto de transformación carbendazim, se ha observado un repunte en la mediana de su concentración entre verano e invierno.

El riesgo de migración de pesticidas desde la capa superior de los suelos agrícolas a aguas subterráneas está relacionado directamente con su perfil de penetración en los suelos. En condiciones de campo, el estudio de penetración en terreno es un proceso complejo ya que está condicionado por movimientos del suelo, el arrastre desde la capa superficial por escorrentías en periodos de tormenta o lluvias intensas, las características de cada compuesto, y su capacidad de retención por parte de cada suelo. Este último factor, a su vez viene condicionado por textura, pH, contenido en materia orgánica etc. Los porcentajes de residuos en la capa inferior (5 cm -20 cm) frente a la superior (0 cm – 5 cm) en cada una de las dos campañas, para las parcelas en proceso de transición y las explotadas de forma convencional se muestran en la Figura 12.




Figura 12. Concentraciones relativas en la capa inferior (5 - 20 cm) frente a la superior (0- 5 cm) en los muestreos de suelos.

A excepción del comportamiento anómalo observado en la parcela S9, los niveles relativos de residuos totales en la capa inferior, frente a la superior, en el muestreo de Julio de 2022, variaron entre un 7% y un 45%, con un valor medio de 22%. En el muestreo de Febrero del año 2023, para los mismos puntos, estos porcentajes se encontraron entre el 17% y un 73% con valor promedio de 39%. Estos datos apuntan a una posible penetración de los compuestos en suelo,

desde la capa superior hacia la inferior, o simplemente a una cinética de eliminación más rápida en la capa superior que en la inferior.

Los residuos relativos por capas de terreno, en cada uno de los dos muestreos (febrero frente a julio), se presentan en la Figura 13. De nuevo, con la excepción de la parcela S9, los valores relativos de concentración son mayores en febrero que en julio. Es decir, la reducción en el contenido de residuos es mayor y/o más rápido en la capa superior del terreno que en la inmediatamente inferior.




Figura 13. Reducción de residuos entre muestreos en función de la profundidad.

La comparación de concentraciones medidas en la capa inferior, para compuestos individuales, entre ambos muestreos ha permitido confirmar que, en tres ocasiones, las concentraciones de dimethomorph, myclobutanil y tebuconazol se vieron incrementadas en la capa inferior del suelo desde Julio de 2022 a Febrero de 2023 (Figura 14). Dejando a un lado movimientos de suelo en las parcelas, la explicación para este incremento es su migración en profundidad.




Figura 14. Variación entre muestreos en las concentraciones individuales de ciertos pesticidas en la capa inferior de suelo.

Los datos de las fracciones enantioméricas (EFs) para los tres compuestos quirales detectados con mayor frecuencia en las muestras de suelos se muestran en la Figura 15. En el caso del metalaxyl, la variabilidad en los datos de EF es muy elevada, con valores medios y medianas inferiores a 0.5. Esto equivale a que el metalaxyl-M (forma R) se disipa más rápido en algunos de los suelos que el enantiómero no activo (forma S). En el caso de myclobutanil y tebuconazol, la variabilidad en los valores de sus EFs es muy baja, con una distribución simétrica de datos en torno a 0.5. Por tanto, la degradación de ambos compuestos no es un proceso enantioselectivo en los suelos considerados.




Figura 15. Fracciones enantioméricas (EFs) de metalaxyl, myclobutanil y tebuconazole en suelo de viñedo.

Análise do microbioma dos solos do Ribeiro

A análise do microbioma do solo fíxose a través dun servizo externo (Biome makers). As mostras enviáronse ó seu laboratorio en Valladolid (sen secar nen peneirar).

Alí realizouse a extracción do ADN do solo, a amplificación das rexións 16S do rRNA en bacterias e a rexión ITS en fungos mediante PCR para a súa posterior secuenciación (NGS). Esta empresa tamén levou a cabo a análise bioinformática dos resultados, o estudo das redes microbianas e dos índices BeCrop. Os resultados da abundancia das distintas especies nos solos preséntanse no Anexo IV.

Os resultados obtidos indicaron que os manexos máis sustentables no viñado aumentaban a diversidade tanto de procariotas como de fungos, pero estas diferenzas non eran significativas (Figura 16)




Figura 16. Diversidade de bacterias en fungos (Índices Chao e Shannon) en solos baixo distinto manexo.

O estudo da beta-diversidade puxo de manifesto as diferenzas entre as comunidades microbianas nas parcelas de distinto manexo (Figura 17).




Figura 17. Agrupamento das mostras baixo distinto manexo.

Na Figura 18 observamos que o core microbioma difire nos distintos manexos. Na poboación de bacterias destacan os xéneros *Nitrosocosmicus* e *Bradyrizobium* en manexo ecolóxico que teñen menor representación en transición ou en solos de manexo convencional. Baixo manexo ecolóxico o número de xéneros exclusivos é maior tanto de bacterias como de fungos.




Figura 18. a) heatmaps; b) Número de xéneros compartidos e exclusivos de procariotas (arriba) e fungos (abaixo).

Por outra banda, cando se analizou a correlación entre a poboación de bacterias e fungos e as distancia xeográficas observouse unha clara diferenciación entre as mostras que define o terroir microbiano asociado ós vales do Miño, do Avia e do Arnoia (Figura 19).




Figura 19. Evidencia do terroir microbiano asociado aos vales do Miño, Avia e Arnoia.

Mediante o estudo dos patróns de concorrencia e coexclusión pódense estimar propiedades ecolóxicas de interese como a especialización nun nicho, competitividade, etc. para entender a funcionalidade do microbioma. Neste caso observouse que os manexos sustentables do viñado promoven redes microbianas máis compactas, máis interconectadas, que están relacionadas con maior resistencia e resiliencia fronte a condicións de estrés. Pola súa banda o manexo convencional dá lugar a redes máis especializadas que implica menor cooperación e son máis susceptibles a ser perturbadas (Figura 20).




Figura 20. Análise das redes microbianas en solos de viñado baixo distintos manexo.

Finalmente, calculáronse os índices BeCrop nas distintas parcelas. Os índices BeCrop son unha serie de indicadores que nos dan idea do estado de saúde e calidade do solo (Anexo V). Os resultados mostraron que o manexo sustentable do solo do viñedo favorece ós índices relacionado coa calidade do solo e co transporte do cloro, magnesio e os ciclos do nitróxeno, fósforo e potasio, así como a produción de exo-polisacáridos (Figura 21).




Figura 21. Índices BeCrop con diferenzas significativas entre os distintos manexos do solo.

Análise de uvas e mosto

En 2021 recolleuse uva de fincas baixo distinto manexo e nunha finca abandonada. Esta campaña foi moi mala, nalgunhas fincas traballadas en ecolóxico case non se puido salvar nada da colleita. En 2022 recolléronse uvas en cinco fincas seleccionadas: 2 de manexo ecolóxico e 3 de manexo convencional. Nesta campaña o rendemento de uva foi inferior en manexos sustentables como está documentado noutros estudos deste tipo.

Coas mostras de uva avaliáronse os microorganismos presentes pondo especial atención nos de interese fermentativo. Os resultados das especies presentes e a súa abundancia están recollidas nos anexos VI para bacterias e no anexo VII para fungos. Así; a nivel de fungos observouse a presenza de *Lachancea thermotolerans* e *Pichia kudriavzevii* con abundancia >1% en fincas de cultivo convencional. Ademais observouse que predominaron os mesmos xéneros de fungos que nos solos con especial relevancia de *Mortierella*, *Aspergillus*, *Solicoccozyma*, *Penicillium* e *Alternaria*. No caso das bacterias observouse unha separación das mostras do val do Avia con respecto ao do miño e Arnoia (terroir microbiano) na campaña do 2021, feito que axudaría á diferenciación dos viños (Figura 22). En canto a bacterias de interese fermentativo detectouse presenza das bacterias lácticas *Oenococcus oeni* e *Lactobacillus* sp. nalgunhas mostras.




Figura 22. Distribución das mostras de uva de 2021 procedentes de distintos vales.

Adicionalmente, se realizó un control de la presencia de residuos de pesticidas en muestras de mosto elaborado con uva procedente de cinco parcelas diferentes, correspondientes a la campaña del año 2022. Tres de estas parcelas se explotan de forma convencional, y las otras dos bajo condiciones de cultivo ecológico. Los análisis de la fracción en disolución (mosto filtrado), usando la misma metodología aplicable a vinos, indicó que los mostos procedentes de parcelas de cultivo ecológico no contenían residuos significativos de pesticidas. El mismo comentario es válido para una de las parcelas de manejo convencional. Los compuestos identificados, por encima de 10 ng/mL, en la fracción soluble de los otros dos tipos de mosto fueron metalaxyl, cyprodinil, fludioxonil, mandipropamide y zoxamide. La figura 23 muestra los cocientes entre las concentraciones en disolución (ng/mL) y el contenido total en el mosto sin filtrar (ng/g). Cuando mayor sea el valor del cociente obtenido, mayor el riesgo de transferencia de estos compuestos desde mosto a vino. El *ratio* obtenido para metalaxyl es claramente superior al correspondiente al resto de compuestos, lo que está en buen acuerdo con la prevalencia de este compuesto en las muestras de vino procesadas.




Figura 23. Cociente de concentraciones de fungicidas entre mosto filtrado y sin filtrar.

Caracterización química dos viños da DOP Ribeiro

Debido a escaso número de viños certificados como ecolóxicos e dentro do CR da DOP Ribeiro, na avaliación dos viños non se tivo en conta esta diferenciación. As mostras foron subministradas polo CR e por adegas particulares.

En total avaliáronse 220 viños: 163 brancos e 57 tintos das anualidades 2017 a 2022

Os viños analizados superaron o control cata no consello Regulador da DOP Ribeiro.

Os **parámetros químicos básicos** foron analizados no laboratorio acreditado da Evega seguindo a metodoloxía oficial da OIV (Foto 3).



Foto 3. Análise dos viños no laboratorio de Evega.

Os resultados para cada viño poden consultarse no Anexo VIII. A media obtida para os viños brancos e tintos preséntase nas Táboas 1 e 2, respectivamente.

Táboa 1. Parámetros básicos dos viños brancos do Ribeiro.

Nº viños=	Media	Max	Min	Regulación DOP
Acidez total (g tart./L)	5,4±0,6	8	3,7	4-10
Acidez volátil (g acét./L)	0,43±0,17*	1,44	0,2	0,8 (máx)
Ácido Láctico (g/L)	0,8±0,8	3,6	0,1	
Ácido Málico (g/L)	1,8±0,9	4	0,1	
Ácido Tartárico (g/L)	1,7±0,6	3,5	0,5	
Azucro (g/L)	1,4±1,2	4,7	0,2	
SO ₂ libre (g/L)	18±6	38	10	
SO ₂ total (g/L)	120±37*	208	23	200
Glicerol (g/L)	5,7±0,8	8,8	4,3	
